



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



Acta de la reunión da Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis, celebrada de forma telemática o día 26 de xuño de 2023 as 21:00 horas en segunda convocatoria coa a presenza dos asistentes que se citan á marxe.

Presidente -D. José Mosquera Casero
Vicepresidente – D. Gabriel Fernández Mourelle
Tesoureira- D^a Antía García Fernández
Secretario- D. Diego Casas Rodríguez
Representantes de Clubs
D. Juan José Medín Guyatt -Sporting Club Casino
Coruña
Representante de Árbitros
D. Fernando Rodríguez Ferreira
Asistencia a Presidencia
Dna. M^a Jesús Fernández García
D. Marco A Casal Costas
Disculpan asistencia:
D. Fernando Placer Manzanaro
D. Jorge Comesaña Comesaña

A reunión é aberta polo presidente, que agradece a asistencia aos membros participantes e dá paso ao primeiro punto da Orde do Día:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.

É aprobada por unanimidade

2. Estado das contas federativas

Fíxose chegar aos membros da Xunta Directiva o estado da Conta de Resultados a data peche de maio de 2023.

Téñense que facer unhas correccións nos nomeamentos dalgunha das contas, tal como a que aparece como desprazamentos de xerencia, porque xa non hai xerente. Os datos destes gastos son os relacionados con desprazamentos da dirección deportiva que non corresponden a ningún programa específico, se non que son gastos xerais.

O importe neto da cifra de negocios está en 290795,94€ fronte aos 170197.96€ de 2022. O resultado do exercizo a 31/05/2023 é de 198168.39€ fronte aos 68687,11€ do 2022.

Son cifras sen especial relevancia debido a que queda moito exercicio por desenvolver.

3. Plan Corresponsables 2023

Infórmase que desde a Secretaría Xeral Para O Deporte convocaron por concorrencia competitiva o Plan Corresponsables 2023.

A data de presentación de solicitudes para participar no plan vai desde o 16/06/2023 ao 16/07/2023.

Unha vez pechado e computadas todas as solicitudes dirannos o importe final da subvención que recibirá a Federación Galega de Tenis.

Unha vez coñecido este importe, tentarase comezar o plan canto antes, se dá tempo no mes xullo e se non en agosto. As prioridades son as mesmas que o ano pasado e desde a Federación farase todo o necesario para levar o plan a lugares nos que a práctica deportiva do noso deporte non é ampla, ben por despoboamento ou falta de coordinación, adestradores, etc. O presidente reitera que o primeiro e mais urxente é saber de que cartos se vai a dispoñer, pero este dato como mínimo ata pasado medio xullo non se vai a saber. A Federación Galega de Tenis xa ten toda a documentación solicitada pola Secretaría Xeral para O Deporte presentada en tempo e forma.

4. I Campionato Ibérico en Ourense

O Presidente informa sobre a creación do I Campionato Ibérico en Ourense.

Segundo coa intención de manter a relación do Tenis Atlántico coas Asociacións do Norte de Portugal, (Porto, Leiria, Aveiro e Coimbra) acórdase celebrar este I Campionato Ibérico en Ourense, ao que tamén se unirán a Federación Asturiana, a Federación Cántabra, a Federación Vasca e a Federación de Castela e León.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



Un total de 8 equipos que disputarán en cadro eliminatorio na categoría absoluta, tanto en masculino como en feminino. Serán 2 partidos masculinos, 2 partidos femininos e en caso de empate resolverase cun dobre. Xogarase os partidos de forma independente, masculino e feminino.

Será en Ourense, Club Santo Domingo e co apoio, por se hai mal tempo, das instalacións de Padel Prix, os días 7,8,9 e 10 de Decembro de 2023.

Haberá premios en metálico de 4800€ para os xogadores e xogadoras repartidos da seguinte maneira, 600€ para os campións (m e f), 300€ para os finalistas (m e f) e 150€ para os semifinalistas (m e f).

Cada equipo participante farase cargo do seu desprazamento.

Da manutención e aloxamento farase cargo o club organizador.

En próximas tempadas buscarase a forma de conseguir organizar este torneo noutras categorías.

5. Informes do Presidente

a) A Xunta de Galicia, a través do procedemento DE401D sacou unha línea de axuda a clubs para a renovación das instalacións deportivas.

A axuda será bianual, sendo o importe total a repartir en 2023 de 593.000€ e en 2024 de 700.000€.

O máximo de axuda solicitada polos clubs non pode superar os 25000€ e a axuda será por un máximo do 80%, debéndose facer cargo o solicitante do 20% restante.

b) A RFET creou unha comisión para establecer as diferenzas entre clubs e adecuar as cotas segundo as características dos mesmos.

Neste momento, a cota de club é prezo único de 150€.

En próxima reunión tratarase de establecer as diferentes cotas segundo as características dos clubs. Así por exemplo hai unha proposta que marcaría con 70€ a cota daqueles clubs que non teñan pistas propias, que dependan de concellos, 150€ para aqueles clubs que teñan 3 pistas, 200€ para aqueles clubs que teñan ata 6 pistas e 250€ para os que teñan mais de 6.

Establécese un diálogo entre os asistentes, que achegan posibles ideas para establecer quizais criterios que favorezan mais aos clubs intermedios (de 4 a 6 pistas), pois co mencionado anteriormente os clubs galegos igual saen prexudicados.

Así se considera que puidese haber unha cota única e que a partir de aí pagácese por homologación de pista. Desta maneira os que mais pistas tivesen mais importe de cota pagarían. Pero para isto faríase imprescindible ter un rexistro de clubs no que se reflectise o nº de pistas de tenis.

Como o Presidente está incluído nesa Comisión irá informando os membros desta Xunta como quedarán os baremos para establecer as cotas, porque de momento non hai nada establecido.

c) No mes de xullo espera poder reunirse con Diego Calvo, que agora está na vicepresidencia I, na que se inclúen as competencias de deporte para tentar que teñan en conta a subida de actividade e do noso número de licenzas e que se vexa reflectida no aumento da subvención ordinaria.

É tamén unha reunión para informar do aumento de competición internacional que hai en Galicia, o que se debe ter en conta para o aumento da subvención dos proxectos de especial relevancia nos que se encadra a competición internacional.



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

6. Rogos e preguntas

Non hai.

Sendo as 21:15 horas dáse por pechada a sesión, que asino como secretario, co Visto e prace do Presidente.

Diego Casas Rodríguez
Secretario

Vº e Prace Presidente
José Mosquera Casero